



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO



CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA

A OCUPACIÓN ILEGAL DA VIVENDA

GUÍA INFORMATIVA PARA PERSOAS AFECTADAS

Xuño 2023

Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

Guía confeccionada pola secretaría técnica do Consello da Avogacía Galega
© Consello da Avogacía Galega e Instituto Galego da Vivenda e o Solo
Todos os dereitos reservados
Galicia, xuño, 2023

Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

ÍNDICE

A ocupación ilegal de vivendas	3
Preguntas frecuentes	6
1. Teño intrusos na miña casa. Que podo facer?	6
2. Cando estamos ante unha ocupación?	6
3. Que tipos de intrusión hai?	7
4. Que se entende por morada?.....	7
5. Ten importancia o tempo transcorrido?	8
6. É certo que hai un prazo de 48 horas para que a policía actúe?	8
7. Como podo facer para expulsar aos intrusos?	9
8. Que xurisdición intervén?.....	10
9. A onde podo acudir?.....	10
10. Como se pon unha denuncia?	10
11. Quen ten que poñer a denuncia?.....	10
12. A denuncia precisa asistencia ou sinatura de letrado?.....	11
13. Que dereitos teño como propietario?	11
14. Que dereitos teño como arrendatario?.....	11
15. Que dereitos teñen os intrusos?.....	12
16. Por que a policía non pode botar aos intrusos?	13
17. Por que é tan difícil recuperar a vivenda?.....	13
18. Son legais as empresas “antiokupas”?.....	13
19. Como podo evitar que a miña vivenda sexa ocupada?	14
Convenio asinado entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega	16
20. Que axuda me ofrece o IGVS?	16
21. Que casos son contemplados no convenio?	16
22. Quen pode usar o servizo DE ASESORAMENTO.....	17
23. Que requisitos debo cumprir para usar o servizo	17
24. O letrado que me atenda pode levarme despois o asunto no xulgado?.....	17

Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

A OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e o Solo, organismo dependente da Consellería do Medio Rural, Infraestruturas e Vivenda, pon en marcha un novo servizo de asesoramento gratuito para persoas afectadas pola intrusión ilegal da súa vivenda. O asesoramento será prestado por avogados/as exercentes de Galicia, mediante un convenio de colaboración asinado co consello da Avogacía Galega, que pode atoparse na web <http://avogacia.gal>

A intrusión (entrada de persoas intrusas) nunha vivenda é un acto delituoso moi pouco frecuente se o comparamos, desde logo, con outras infraccións penais que, desde un punto de vista estatístico, económico e penoloxico, son máis frecuentes e graves. Con todo, este tipo de delitos ten adquirido nos últimos tempos unha dimensión mediática e social moi importante, en parte pola dificultade de dar unha resposta axeitada, tanto para previr estes actos coma para protexer ás vítimas. A alarma social creada nos últimos tempos foi alimentada pola confusión dos distintos tipos de supostos de intrusión que se poden producir, que se aglutinan habitualmente, mesmo nos medios de comunicación, en torno ao termo “okupa”, sen que a maioría das veces teña nada que ver co dito movemento.

Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

Dentro da casuística, hai que diferenciar:

- A ocupación de inmobles destinados a vivenda por persoas e familias carentes de recursos. Ás veces foron lanzados previamente desa vivenda polo banco por non ter pagado a hipoteca, por exemplo e volveron.
- A ocupación de inmobles por parte de grupos de delincuencia organizada ou mafias, que logo ceden a persoas sen recursos pertencentes a grupos ou etnias que sofren rexeitamento social (xitanos, inmigrantes...), con intención de coaccionar aos propietarios (chantaxe)
- A ocupación de inmobles urbanos sen uso, (abandonados por desidia, con fines especulativos, etc.) por asociacións próximas ao movemento “okupa”, e que moi rara vez afectan a vivendas.
- Os inquilinos, ou persoas introducidas por eles, que deixan de pagar a renda do aluguer e permanecen na vivenda, ben por carencia de recursos ou ben por simple morosidade dolosa.
- Os co-herdeiros que ocupan os inmobles da herdanza mentres non se adxudican os bens, etc.

Aínda que os casos que acabamos de citar soen implicar unha intrusión violenta, clandestina ou cando menos non consentida polo propietario, non todos teñen unha mesma motivación nin son, quizais, moralmente reprobables na mesma medida. Porén, todo eses casos son tratados vulgarmente da mesma maneira.

Mais a resposta que ofrece o ordenamento xurídico para evitar tales actos non depende desa motivación das persoas autoras, senón doutros aspectos. A resposta que se pretende é a mesma: identificación e detención das persoas autoras, entrega do inmovible ao seu propietario, indemnización de danos e perdas.



Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

Pero a eficacia desa resposta depende doutros aspectos: o tempo transcorrido desde que se ocupou a vivenda e o uso que se está a facer dela, ou a existencia ou non de menores de idade dentro da vivenda ocupada, por exemplo.

O Convenio

O pasado día 1 de febreiro de 2023, o Instituto Galego da Vivenda e o Solo e o Consello da Avogacía Galega asinaron un convenio de colaboración, por virtude do cal os propietarios e usufrutuarios de vivendas afectadas por unha ocupación ilegal poderán obter asesoramento especializado e gratuito a cargo de profesionais da avogacía.

O Convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2023 e foi obxecto dunha addenda o día 22 de maio de 2023,

A Liña 900 e o formulario en liña

O Asesoramento prestarase por profesionais da avogacía a través do número de teléfono gratuito 900 121 221, ao que se pode chamar en horario de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas, de luns a venres. E de 10:00 a 14:00 os sábados.

Pode tamén cubrir o formulario *web*, que pode atopar na páxina <http://avogacia.gal>. As consultas serán respondidas por un letrado de garda dentro das 48 horas seguintes á consulta.



Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

PREGUNTAS FRECUENTES

Nas seguintes páxinas ofrecemos unha relación das preguntas máis frecuentes que xorden nestes casos, así como as pautas de utilización do servizo de asesoramento xurídico que se presta por mor do convenio.

1. TEÑO INTRUSOS NA MIÑA CASA. QUE PODO FACER?

Non debe enfrontarse aos intrusos.

Debe poñer os feitos en coñecemento da Policía ou da Garda Civil.

Revise, na parte final desta guía, as condicións do asesoramento que a avogacía lle facilita a través do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e o Solo e o Consello da Avogacía Galega

2. CANDO ESTAMOS ANTE UNHA OCUPACIÓN?

Xenericamente, existe *ocupación* cando unha persoa entra e permanece nunha vivenda ou inmovible **allego, sen título nin autorización da persoa propietaria ou titular do seu uso e desfrute**, é dicir, contra a vontade do seu morador ou titular.

Esta conduta pode ser realizada de forma clandestina ou con violencia ou intimidación.



Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

O autor pode actuar individualmente, en grupo, ou no ámbito da delincuencia organizada, formando parte de grupos criminais dedicados de forma habitual á ocupación ilegal de inmobles con ánimo de chantaxear aos propietarios.

3. QUE TIPOS DE INTRUSIÓN HAI?

A intrusión pode realizarse en vivendas que constitúan ou non a morada do seu propietario ou arrendatario, etc. Pero tamén pode realizarse noutra clase de inmobles e edificios deshabitados que non constitúan *morada*.

No caso de que a intrusión se produza nunha vivenda que sexa *morada*, a conduta será constitutiva do **delito de violación de morada**. Se a intrusión é nun inmovble, vivenda ou edificio que non constitúe *morada*, existirá un **delito de usurpación de bens inmobles**.

Trátase de delitos distintos, con sanción distinta, e as medidas para repoñer a legalidade tamén son diferentes. O delito de violación de morada é máis grave que o de usurpación, pois afecta ao principio de inviolabilidade do domicilio.

4. QUE SE ENTENDE POR MORADA?

Morada é o espazo no que o individuo desenvolve a súa vida privada e doméstica, exercendo a súa liberdade máis íntima.

Tamén son morada as segundas residencias, incluso durante o período no que se atopan deshabitadas.

Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

5. TEN IMPORTANCIA O TEMPO TRANSCORRIDO?

Si. É importante que o propietario/usufrutuário denuncie canto antes os feitos, para non dar tempo a que os intrusos realicen *actos de vida doméstica* na vivenda ocupada, consolidando a súa estancia e converténdoa na súa “*residencia habitual*”, ou a preconstituír medios de proba para aparentar que o inmovible ocupado é o seu domicilio estable. Todos os manuais de “okupas” que circulan por internet insisten en xerar ese tipo de probas canto antes, e en confiar en que a lentitude da administración de xustiza lles favoreza retrasando calquera medida para o desaloxo.

A denuncia inmediata impide, ademais, que se poida interpretar que os *ocupantes* teñen o consentimento ou a autorización do propietario ou usufrutuário, ou se xeren dúbidas sobre cal sexa o procedemento a seguir, civil ou penal.

A denuncia inmediata é importante porque, durante a comisión da intrusión de xeito flagrante, a Policía ou a Garda civil poden actuar inmediatamente para identificar e deter aos intrusos sen necesidade de autorización xudicial, sempre que non haxa menores.

Entendese que a intrusión é flagrante cando o delincuente é sorprendido no momento en que está entrando ilegalmente na vivenda, pero tamén inmediatamente despois de consumada a acción.

6. É CERTO QUE HAI UN PLAZO DE 48 HORAS PARA QUE A POLICÍA ACTÚE?

Non necesariamente. A xurisprudencia (as sentencias dos tribunais) viña fixando en 48 horas o período no que se entende que un delito é flagrante, permitindo, por tanto, nese período que a policía actuase sen necesidade de solicitar de autorización xudicial. Logo dunha recente



Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

instrución do Ministerio do Interior e as últimas interpretacións, o factor temporal non é tan importante e hai que atender a outras circunstancias.

Cando o inmovible constitúe a morada dos intrusos, necesítase orde xudicial para garantir o dereito á inviolabilidade do domicilio.

7. COMO PODO FACER PARA EXPULSAR AOS INTRUSOS?

Ademais da mediación e a negociación, sempre compatibles, hai dúas vías legais: a vía penal e a vía civil.

A vía penal iníciase denunciando os feitos na Policía, Fiscalía ou no xulgado. Se os ocupantes son sorprendidos realizando de forma flagrante o delito (delito de violación de morada ou delito de usurpación), pode intervir a Policía ou a Garda Civil sen orde xudicial previa.

Na vía civil, na que normalmente é precisa a intervención de letrado/a, poden interpoñerse accións de tutela sumaria da posesión, o coloquialmente chamado “*desafiuzamento exprés*”, que pode durar uns seis meses.

Algúns casos que habitualmente son cualificados de “ocupación” non son tales, e precisan acción xudiciais doutra natureza, normalmente máis complicados e largos no tempo (accións de división, reivindicatorias, etc.).

No caso de ter que presentar unha demanda na vía civil, a nova Lei de protección do dereito á vivenda introduce algúns requisitos nos procesos de desafiuzamento, dos que lle informará polo miúdo o seu avogado ou avogada. Basicamente, pretenden evitar que as familias vulnerables fiquen na rúa, obrigando á administración competente a procurarlles un aloxamento alternativo, o que pode supoñer unha demora na tramitación. Hai requisitos adicionais nos casos en que o propietario teña dez ou máis inmovibles.



Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

O seu avogado, como dicimos, informaralle polo miúdo destes extremos. Pero lembre que canto máis rapidamente actúe, máis doado será a recuperación da vivenda.

8. QUE XURISDICIÓN INTERVÉN?

Intervén o xulgado de primeira instancia (demanda no caso da vía civil) ou o xulgado de instrución (denuncia no caso da vía penal) da localidade na que estea situada a vivenda ocupada.

9. A ONDE PODO ACUDIR?

No teléfono 900 121 221 (Consello da Avogacía Galega)

Tamén pode chamar directamente á Policía ou á Garda Civil.

10. COMO SE PON UNHA DENUNCIA?

Nos casos de delito flagrante, mediante chamada telefónica ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Posteriormente é necesario comparecer nas dependencias para asinar a denuncia.

É conveniente que na comparecencia na Policía ou Garda Civil, a persoa denunciante leve os documentos que demostren a propiedade ou o usufruto do inmovible ocupado.

11. QUEN TEN QUE POÑER A DENUNCIA?



Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

Pode poñer a denuncia calquera cidadán, teña ou non relación co inmovible. Mais, en principio, soamente terá lexitimación para solicitar o desaloxo ou calquera outra medida de reposición da legalidade o propietario ou quen teña un lexítimo dereito sobre a vivenda ou o inmovible ocupados ilegalmente.

12. A DENUNCIA PRECISA ASISTENCIA OU SINATURA DE LETRADO?

Non, pero pode ser conveniente que o letrado que a asista lle indique como facela e nunca sobra estar correctamente asesorado.

Lea esta guía e asesórese co seu letrado/a habitual. Non esqueza que a miúdo as persoas intrusas están previamente asesoradas e informadas, e que, por tratarse de persoas sen recursos, o Estado lles reconece xenericamente o dereito á asistencia xurídica gratuíta.

13. QUE DEREITOS TEÑO COMO PROPIETARIO?

Como propietario ou residente, ten dereito á recuperación da vivenda, e á indemnización de danos e perdas. Como dixemos, normalmente, as persoas ocupantes carecen de recursos, polo que é importante que a recuperación se produza axiña sexa posible.

Ademais ten outros dereitos. Por exemplo: se dispón dun inmovible que foi ocupado ilegalmente este ano, non terá que imputar rendas inmobiliarias a partir do inicio do procedemento xudicial de desafiuamento, sen ter que esperar á resolución do mesmo.

14. QUE DEREITOS TEÑO COMO ARRENDATARIO?



Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

Ten dereito a recuperar a vivenda, utilizando todos os medios legais. Debe poñerse en contacto co propietario para coordinar as accións contra as perturbacións de feito sufridas.

Ademais, o arrendatario desposuído pode resolver o contrato de aluguer nun proceso xudicial. Así, o artigo 27.3. b) da Lei de Arrendamentos Urbanos permite ao inquilino da vivenda resolver o contrato de aluguer pola perturbación de feito na utilización da vivenda.

15. QUE DEREITOS TEÑEN OS INTRUSOS?

Os intrusos teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión.

Tamén teñen dereito ao xuíz ordinario predeterminado pola lei, á defensa e á asistencia de letrado, a seren informados da acusación formulada contra eles, a un proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías, a utilizar os medios de proba pertinentes para a súa defensa, a non declarar contra si mesmos, a no confesarse culpables e á presunción de inocencia (artigo 24 da Constitución).

Tamén terán dereito á xustiza gratuita cando acrediten insuficiencia de recursos para litigar (artigo 119 da constitución española e Lei 1/1996, de Asistencia Xurídica gratuita).

Cando o que está en xogo é o acceso a unha vivenda (artigo 47 da Constitución), teñen dereito a que a administración competente en materia de servizos sociais lle facilite dito acceso, especialmente en caso da existencia de menores.

O propietario da vivenda non ten obriga ningunha de ser quen facilite eses dereitos, pero se quere demandalos no xulgado por vía civil, é preciso o cumprimento duns requisitos procesuais.



Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

16. POR QUE A POLICÍA NON PODE BOTAR AOS INTRUSOS?

Como dicimos en varias ocasións ao longo desta guía, as FFCC de Seguridade do Estado poden deter e desalojar aos intrusos soamente en caso de delito flagrante.

En caso de que o delito non sexa flagrante, por exemplo, porque teñan pasado varios meses desde que se produciu, as medidas só pode tomalas un xuíz logo dun proceso xudicial.

As FFCC de Seguridade do Estado tampouco poden actuar no caso de que o asunto non revista caracteres de delito, por exemplo cando hai indicios de que as persoas que ocupan a vivenda poden ter algún dereito sobre ela. Nese caso, deberase formular a petición de desaloxo mediante a interposición dun preito na xurisdición civil.

17. POR QUE É TAN DIFÍCIL RECUPERAR A VIVENDA?

Non é difícil, na maioría das circunstancias, botar a un intruso por medios legais. Pero pode ser moi lento, sobre todo se a reacción se demora. O principal factor é a lentitude propia da administración de xustiza e dos procedementos xudiciais, e esta circunstancia é a principal aliada dos intrusos.

Pero ademais pode haber outros factores, por exemplo cando as persoas intrusas establecen a súa propia morada na vivenda, están en situación de vulnerabilidade. O dereito á vivenda é un dereito recoñecido na Constitución e na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, e a acción de desaloxo debe seguir un proceso xudicial, como xa vimos.

18. SON LEGAIS AS EMPRESAS “ANTIOKUPAS”?



Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

Nos últimos tempos teñen proliferado empresas que se dedican a “expulsar por medios legais” aos intrusos, nadas ao ritmo da alarma social creada por estas situacións. Non deixa de ser unha proba máis do fracaso do Estado no seu labor de garantir o cumprimento da lei como fundamento da paz social (artigo 10 da constitución Española), establecendo medios áxiles para repoñer a legalidade en caso.

Estas empresas existen ao amparo do principio de liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado (artigo 38 da constitución) e serán legais se a súa actuación se axusta escrupulosamente á Lei. O perigo que pode correrse ao contratalas, como ocorre coas empresas de “cobro de morosos”, é que no caso de que utilicen medios ilegais, como coaccións ou violencia, estaríamos ante unha responsabilidade penal aínda máis grave que o propio delito de violación de morada, que afectaría á persoa que a contrata. Por tanto, en caso de contratar a unha destas empresas, esixa que conste por escrito que os medios utilizados serán soamente a mediación e a negociación, e que non utilizarán directa ou indirectamente medios coactivos ou violentos.

O exercicio da violencia é monopolio do Estado, e só pode ser exercida nos casos previstos na Lei.

19. COMO PODO EVITAR QUE A MIÑA VIVENDA SEXA OCUPADA?

Na práctica, case que todos os delitos de violación de vivendas prodúcense en vivendas valeiras, abandonadas, sen uso, ou cun uso esporádico.

No caso de que a falta de uso non se poida evitar, as FFCC de Seguridade do Estado recomendan reforzar os accesos (portas, balcóns, ventás, etc.). Mesmo recomendan a instalación dunha alarma, pois o salto dunha alarma facúltalles normalmente para entrar no domicilio e identificar aos intrusos, e incluso detelos e recuperar a vivenda sen necesidade de autorización xudicial.



Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

Ocupación Ilegal da Vivenda: Guía Informativa



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO



CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA

Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

CONVENIO ASINADO ENTRE O IGVS E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

20. QUE AXUDA ME OFRECE O IGVS?

Se non ten avogado de seu co que prefira poñerse en contacto, pode chamar ao número gratuíto **900 121 221** para recibir asesoramento a cargo de profesionais da avogacía, en horario de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas, de luns a venres. E de 10:00 a 14:00 os sábados.

Pode tamén cubrir o formulario *web*, que pode atopar na páxina <http://avogacia.gal>. As consultas serán respondidas por un letrado/a de garda dentro das 48 horas seguintes á consulta.

Se a ocupación é recente e por medios violentos, se lle aconsellará denunciar os feitos ante a Policía ou a Garda Civil, o que debe facer directamente se non pode contactar cos letrados/as do servizo por producirse fóra do horario de atención establecido

21. QUE CASOS SON CONTEMPLADOS NO CONVENIO?

Aos efectos do convenio asinado entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega, ofrecerase asesoramento ás persoas vítimas de intrusión na súa vivenda ou, dito doutro modo, á persoas cuxas vivendas foron ocupadas de forma clandestina ou violenta.

Non se considera ocupación de vivenda, aos efectos deste servizo de asesoramento, as intrusións producidas en domicilios de persoas xurídicas, locais abertos ao público, despachos profesionais, oficinas ou establecementos mercantís e outra clase de inmobles. Con todo, estes comportamentos tamén poden ser constitutivos de delito, en concreto dun delito de *violación de domicilio de persoas xurídicas e establecementos abertos ao público*, ou dun *delito de usurpación*.

Ocupación ilegal da vivenda: Guía informativa

22. QUEN PODE USAR O SERVIZO DE ASESORAMENTO

O propietario ou usufrutuario do inmoble ocupado. Se é inquilino debe poñerse en contacto co propietario, para que sexa este quen utilice este servizo.

23. QUE REQUISITOS DEBO CUMPRIR PARA USAR O SERVIZO

Trátase dunha simple consulta, polo que o único requisito é ser prexudicado por un acto de ocupación nos termos desta guía.

24. O LETRADO QUE ME ATENDA PODE LEVARME DESPOIS O ASUNTO NO XULGADO?

Non, o letrado que o asesore non poderá facerse cargo do asunto, pero informarao dos requisitos para acceder a asistencia xurídica gratuíta, se está no suposto.

